

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	SARRIA
Edificio	Igrexa de San Salvador de Sarria
Dirección	Rúa do castelo, 7. 27600
	42.776763 -7.417561
Protección	
Descrición	<p>A Igrexa de San Salvador de Sarria está datada no século XIII. Construída en cantaría, consta dunha nave rectangular, con teitume de madeira con cuberta a dúas augas e ábsida semicircular. Encadrada no gótico primitivo, presenta na fachada norte un Pantocrátor de trazado arcaizante.</p> <p>A espadana é unha obra posterior, concretamente do 1860, feita polo construtor sarriao Francisco Castiñeira.</p> <p>Contén algún elemento románico, ademais de arcos e portas góticas, A ábsida é de traza románica de transición, con tramo rectangular e cabeceira semicircular, con bóveda de canón e cuarto de esfera, respectivamente.</p> <p>No frontispicio ten unha porta gótica, e no muro norte ábrese unha porta de transición con elementos arcaizantes. Esta ten arco lixeiramente apuntado, formado por arquivolta de baquetonilla, chapiteis con follas e bastóns e unha cabeza humana. No tímpano vese, para uns autores a figura de Cristo en Maxestade, e para outros a de Melquisedec, e mesmo a do rei David, en actitude de bendecir, con inxenuos trazos, no medio de árbores esquematizadas, rematados por unha cruz grega (cruces inscritas en círculos); os canzorros da parte norte representan cabezas humanas, rolos, rosetas e puntas de cravo. Nesta fachada hai numerosos signos lapidarios. Son notables as ferraxes ornamentais, tamén de época medieval, existentes na porta norte.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	Panel informativo do concello de Sarria.
Data	14-07-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso

Espadana	Campá menor (2)		1787	55	96
Espadana	Campá maior (1)	BLANCO PALACIOS, ANTONIO (MONDOÑEDO)	1885	65	159

Información completa: [Igrexa de San Salvador de Sarria - SARRIA \(GALICIA\)](#)

PDF (11-06-2026)